

PROGRAMA 2025

Programas de Emprendemento Empresarial en materia de Economía Social

Promoción da cultura empresarial
cooperativa e na economía social.

En colaboración coa Área
Emprego, Comercio e Mercados,
Servizo de Emprego e Empresa do
Concello da Coruña.



Concello da Coruña

CONTÁCTANOS

UNIÓN DE COOPERATIVAS
ESPAZOCOOP
info@espazo.coop
697 877 773

ECONOMÍA COOPERATIVA CORUÑA 2025

WWW.ESPAZO.COOP



OBXECTIVOS

- Mellorar empresarialmente ás cooperativas do Concello da Coruña, impulsando medidas que permitan garantir a súa consolidación e evolución.
- Acompañar a grupos promotores de novas cooperativas.
- Dar a coñecer á cidadanía, a estudantes e ás persoas emprendedoras as distintas empresas de Economía Social, e as cooperativas en particular, como vía para crear autoemprego.

SOMOS
COOP

ESPAZOCOOP ACOMPAÑA

Ofrece **asesoramento e acompañamento tanto para cooperativas activas como para persoas emprendedoras**, empresas en crise que valoren a súa transformación en cooperativa e persoas autónomas para agrupar servizos, recursos ou investimentos.

Un fondo de 90 horas de asesoramento e acompañamento, flexibles en función das necesidades e demandas dos proxectos acompañados, en modalidade virtual ou presencial durante o ano 2025 no Concello da Coruña.



COOPERATIVISMO EN CENTROS DE ENSINO

Roteiros Cooperativos para centros de ensino cos que visitar cooperativas da Coruña que trasladan ao público a súa experiencia e o potencial de emprender en cooperativa. 3 roteiros e unha charla divulgativa de setembro a decembro 2025.

NETWORKING COOPERATIVO “TECENDO REDES”

Networking o 1 de xullo de 2025 no Centro de Empresas Accede Papagaio para fomentar que as cooperativas do territorio se coñezan, cren vínculo, e exploren vías de colaboración e sinerxía.